ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE PARA ANPAS DE PRIMARIA



GUÍA DIDÁCTICA

Contrapublicidade
Medios e Representación
Radio

CAMBIEMOS AS NARRATIVAS

CURSO ESCOLAR 20-21

Aviso Legal

A guía foi elaborada e posta en práctica no marco do proxecto "Cambiemos as Narrativas" desenvolvido por Agareso e as ANPAS dos CEIP López Ferreiro, CEIP Víctor Luís Seoane e o CEIP A Rúa co apoio da Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia a través dos fondos do Pacto de Estado do Ministerio de Presidencia.

Esta publicación foi producida baixo unha licenza Creative Commons CC BY SA

Podes:

• Compartir: copiar e redistribuír o material en cualquera medio ou formato
• Adaptar: remesturar, transformar e elaborar para a publicación doutro material.

Sempre e cando sigas os termos da licenza, non se revocarán estas liberdades.

ÍNDICE

CAMBIEMOS A NARRATIVA

04

INTRODUCIÓN

Cambiemos a Narrativa, unha proposta arredor de igualdade de xénero e competencia mediática

09

ACTIVIDADE 1
CONTRAPUBLICIDADE

Representación de xénero no discurso publicitario

17

ACTIVIDADE 2
REPRESENTACIÓN E MEDIOS

Identificación dos roles sexistas nos medios

23

ACTIVIDADE 3
RADIO

Cuñas radiofónicas contra o machismo

CONTIDOS

INTRODUCIÓN

PRESENTACIÓN

A presente guía didáctica está elaborada no marco do proxecto “Cambiemos a Narrativa” e conta coa financiamento da Xunta de Galicia a través das “Axudas económicas a ANPAS destinadas á promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da loita contra a violencia cara as mulleres” do ano 2020. O documento pretende compartir coa comunidade educativa as aprendizaxes destes anos e poñelas a disposición para seren replicadas na súa totalidade ou de forma parcial.

O proxecto parte de AGARESO (Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social), unha organización sen ánimo de lucro formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia que cren no poder da comunicación como ferramenta de transformación social. O seu principal obxectivo é utilizar as ferramentas de comunicación para conseguir a transformación social, principalmente a través de proxectos de cooperación internacional, educación para o cambio e acción social.

AGARESO realiza, dende o ano 2011, proxectos de educación para o cambio social nos que se empregan as ferramentas de comunicación para reforzar a reflexión e o discurso sobre as temáticas da EpD, e que ao mesmo tempo axuden a crear o seu propios discurso os colectivos beneficiarios e a formar ao profesorado en técnicas innovadoras de aprendizaxe.

No pasado exercicio, desenvolvemos con éxito unha primeira versión do proxecto, “Cambiemos a narrativa”. Nesta nova proposta, incorporamos as aprendizaxes obtidas desta experiencia que nos serviron para desenvolver, este outono, a segunda edición do proxecto xunto coas ANPAS do CEIP A Rúa de Cangas do Morrazo, do CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela e do CEIP Víctor López Seoane en A Coruña.

Como novidade desta segunda edición e debido á pandemia que transformou as nosas vidas, nos últimos meses estivemos traballando en formatos online para poder suplir as clases presenciais e seguir incidindo na sensibilización sobre a igualdade de xénero. Estes formatos, ademais de facilitar que se siga traballando cos rapaces e as rapazas, xeran novas metodoloxías educativas e permiten a reutilización dos obradoiros con outro alumnado que non sexa o beneficiario directo desde proxecto, sen custo para os centros educativos.

CAMBIEMOS A NARRATIVA

A proposta educativa que presenta esta guía baséase nunha metodoloxía participativa que emprega ferramentas de educomunicación para informar e formar sobre a igualdade de xénero tanto a alumnado como os país e nais que integran as asociacións. A igualdade de xénero tense abordado nos centros educativos dende diferentes liñas, neste caso a nosa proposta e a de facelo dende os medios de comunicación (prensa, publicidade, radio,...) coa intención de mellorar a competencia mediática do alumnado participante a partir do desenvolvemento de habilidades dixitais e comunicativas dende unha perspectiva igualitaria, crítica e inclusiva e que promova accións para a transformación social e o desenvolvemento.

O termo competencia mediática fai referencia á habilidade para buscar, seleccionar e comprender a información publicada en diferentes soportes dixitais e audiovisuais (multimedia), así como ás habilidades de produción e publicación, que inclúen a creación de contidos de forma responsable e significativa; nun contexto no que a tecnoloxía revolucionou os procesos comunicativos, a competencia mediática é un aspecto imprescindible para a formación de cidadáns e cidadás libres capaces de participar no seu ámbito mediante accións innovadoras, que fomenten a igualdade e a xustiza social.

Na base desta proposta esta o feito de entender que os procesos comunicativos son ferramentas inevitables para garantir un desenvolvemento en igualdade que inclúa as diferentes realidades sociais e culturais, os seus intereses e necesidades. Polo tanto, é necesario dotar os axentes sociais de recursos e coñecementos para que poidan xestionar esta participación de forma autónoma, relevante e creativa. Tamén é importante reflexionar sobre a desigualdade de xénero desde unha perspectiva mediática, para construír alternativas que contribúan a desenvolver unha sociedade máis igualitaria.

O traballo que dende hai anos realizamos dende Agareso amosa que o alumnado e gran parte da comunidade educativa, carecen das suficientes habilidades de comunicación e de análise mediática para enfrontarse ao volume de información que lles chega a través das múltiples canles de comunicación que empregan, ao mesmo tempo que necesitan reforzar a través dunha metodoloxía atractiva temáticas que van ser imprescindibles para o seu desenvolvemento como cidadáns e cidadás. No tocante a igualdade de xénero, o alumnado precisa mellorar na mirada crítica e na análise da linguaxe mediática para non repetir os roles e estereotipos que as persoas adultas construímos nos medios..



De aí, que a nosa proposta traballe en base a tres obxectivos básicos:

1. Desenvolver as competencias comunicativas, tecnolóxicas e de tratamento da información do alumnado, facendo especial fincapé no traballo coa competencia mediática, entendida como a capacidade para buscar e entender a información dos medios de comunicación, así como a habilidade para crear contidos propios, axeitados á canle e aos formatos de publicación propios de cada medio.
2. Traballar na sensibilización social con respecto á desigualdade de xénero e ás súas causas e fomentar actitudes positivas cara esta realidade ao tempo que potenciar unha mirada crítica e responsable cara este tema.
3. Fomentar a motivación, a creatividade e a liberdade expresiva do alumnado a través dos medios de creación audiovisual e das redes de colaboración, traballando a participación activa, a aprendizaxe colaborativa e a autonomía persoal.

Por último, queremos destacar o carácter innovador desta proposta que se basea na metodoloxía participativa, e aposta por un modelo pedagóxico que pon en valor o proceso reflexivo do alumnado mediante a creación das súas propias pezas comunicativas. Isto implica que ao mesmo tempo que interiorizan cuestión de xénero, aprenden a interpretar os medios de comunicación e as mensaxes que reciben, e as ferramentas necesarias para crear os seus propios produtos (radiofónicos, audiovisuais e de deseño) e como difundilos posteriormente.

Ademais, a creación desta guía didáctica dixital permite que o propio profesorado ou a ANPA poña en práctica este tipo de actividades no futuro pola súa conta, engadindo un valor de sustentabilidade e transferencia de coñecementos á proposta.

ADAPTACIÓN Á CONTORNA DIXITAL

Este proxecto, ao igual que o resto de actividades educativas, viuse afectado polas restricións derivadas do Estado de Alarma durante a crise da COVID-19. Coa vontade de facilitar a participación do alumnado e de non renunciar a un proceso de aprendizaxe que cremos necesario, o equipo de Agareso elaborou un itinerario didáctico baseado en metodoloxías *elearning*, que permitira acadar os obxectivos propostos nun contexto de ensino *online*. Do mesmo xeito, as tres actividades descritas nesta guía están pensadas para a súa a re-utilización ou adaptación por parte de calquera profesional ou equipo docente. Na descrición de cada unha delas incluímos o enlace de acceso.

En canto ao deseño e metodoloxía específica do ensino virtual empregados:

a) Todas as actividades e contidos son interactivos, é dicir, requiren da acción do usuario para desenvolverse. Neste sentido, evitamos actividades e contidos de consumo pasivo, como por exemplo, vídeos longos con charlas ou explicacións, documentos con explicacións teóricas ou de conceptos con textos longos sen ligazóns nin infografías. Por iso, o que fixemos foi crear materiais aliñados co uso máis común da web, que require a interacción da persoa usuaria mediante eleccións, cuestionarios e respostas, clicks para ampliar información, etc...

b) Ao igual que no resto de publicacións da web, a aprendizaxe en liña require a integración de contidos multimedia e transmedia, apostando pola diversidade de formatos e pola navegación mediante hipervínculos para construír un itinerario didáctico.

c) Tendo en conta que a formación online se desenvolve no ámbito individual, consideramos imprescindible achegar todos os elementos de apoio necesarios para axudar ao alumnado na realización das tarefas. Aquilo que pode resultar redundante no contexto presencial, é necesario no virtual.

En certos puntos de cada sesión, incluímos vídeos que sirvan como guía e acompañamento. Este apoio audiovisual facilita o traballo e permite ver e escoitar ás persoas que se encargan de dinamizar as formacións, personalizando este rol docente nunha aula virtual. A maiores, inclúense máis vídeos durante o desenvolvemento da actividade: sempre que hai un contido que explicar máis a fondo, ou que é máis complexo, preferimos expoñelo nun breve vídeo que nun documento de texto.

d) Respecto á dinamización deste traballo, optamos por unha dinamización sincrónica, esta opción require que o alumnado e a persoa docente estean conectadas nun mesmo tempo e nun mesmo espazo virtual. Como vantaxe, este tipo de dinamización permite os debates colectivos e a conversa en tempo real, ao tempo que aseguramos a participación do alumnado aproveitando que están conectados e conectadas, algo que nas clases de primaria parécenos particularmente enriquecedor.

Neste apartado, achegamos unha descrición das apps e os diferentes software usados para esta formación online. Para simplificar o seu uso, optamos por software libres, gratuítos ou de código aberto:

Moodlecloud: este LMS é a ferramenta elixida para aloxar a aula virtual, é dicir, é o espazo web onde se publican todos os contidos e actividades, así como anuncios, mensaxes privadas ou grupais, etc... Permite facer un seguemento colectivo e individual da participación do alumnado, de cara a xerar informes de calificación e/ou de realización das actividades publicadas. Moodlecloud funciona a través de calquera navegador web, non é preciso descargar nada nin ter coñecementos especializados no uso de Moodle, xa que a súa interface (LMS ou Learning Management System - o sistema de xestión da aprendizaxe) é axeitada para usuarios con coñecementos básicos.

H5P: software para a creación de actividades interactivas multimedia de diversos tipos e formatos. Esta é a ferramenta usada por nós para a maioría dos contidos e exercicios publicados nas actividades do proxecto.

Padlet: ferramenta que permite a creación de pósters dixitais colaborativos. Neste proxecto, usámolo para promover a interacción social do alumnado mediante publicacións multimedia.

Mentimeter: ferramenta para a realización de enquisas en tempo real. Ofrece diferentes opcións de visualización de resultados e empregámola en diferentes momentos para fomentar a participación e as postas en común.

Google Forms é unha ferramenta empregada para recoller respostas individuais.

Audacity é un editor de audio de Software Libre, gratuíto, sinxelo e facilmente descargable. Sérvenos para gravar os nosos audios, editalos (cortalos, limpalos de ruídos) e incluírlles algunha música.

Jitsi, BigBlueButton e Zoom: software para a realización de vídeo-chamadas grupais por centros (é dicir, para as conversas cos grupos para a realización de encontros, resolución de dúbidas, debates grupais, etc...)

Youtube: espazo onde aloxamos todos os vídeos usados nas sesións, tanto os creados por nós como os publicados nas contas doutros usuarios pero que son materiais para as formacións.

ACTIVIDADE 1

CONTRAPUBLICIDADE E IGUALDADE

DURACIÓN: 100 MINUTOS

Esta actividade desenvólvese ao longo de 100 minutos. O obxectivo xeral da proposta é achegar ao alumnado coñecementos ao redor da representación do xénero no discurso publicitario, así como fomentar a reflexión sobre o impacto destas mensaxes no noso día a día. En paralelo, analizaremos a linguaxe da publicidade, as súas estratexias e recursos, co obxectivo de elaborar mensaxes de contra-publicidade para fomentar a igualdade de xénero, para reivindicar a liberdade das persoas a elixir a súa identidade e para denunciar o discurso sexista dos anuncios.



Obxectivos Específicos

- Formar e sensibilizar ao alumnado en contra do sexismo en todas as súas formas,recoñecendo as expresións que promoven a igualdade das persoas sexa cal sexa os eu sexo.
- Identificar as actitudes e as accións machistas presentes nas expresións culturais actuais, así como na nosa vida cotiá.
- Fomentar unha actitude crítica e activa cara ás manifestacións sexistas na publicidade, especialmente con aquelas expresións artísticas feitas dende uni maxinario social baseado na desigualdade entre mulleres e homes.
- Achegar ao alumnado á creatividade como estratexia para a comunicación en positivo para a denuncia e a reivindicación da igualdade de xénero.
- Motivar ao alumnado a desenvolver a súa expresividade mediante ferramentas e formatos innovadores.
- Coñecer os elementos que compoñen a retórica publicitaria e o seu potencial como ferramenta comunicativa, así como aprender a utilizar estes recursos para construíra nosas propias mensaxes.

Medios e recursos necesarios

Medios:

- Dispositivos con conexión a Internet (ordenador ou tablet)
- Ordenador con proxector e altofalantes

Recursos:

- Aula Virtual de "Cambiemos las Narrativas"
- Acceso con nome "anpas2020" e contrasinal "anpas2020"

Materiais (por alumna/o):

- Revistas con publicidade
- Tesoiras
- Pegamento
- Rotuladores e/ou lapis de cores.
- Auriculares

DINÁMICA DE TRABALLO

Introdución (10')

Acompañamos ao alumnado a entrar na aula virtual e acceder ao curso "Cambiemos a Narrativa: CONTRAPUBLICIDADE".

Na actividade de introdución temos un breve vídeo no que introducimos a actividade, aclarando que na sesión vaise falar sobre conceptos básicos, como son o sexo, o xénero, os roles ou os estereotipos de xénero, así como do seu papel na nosa vida cotiá, nas nosas relacións con outras persoas e na nosa forma de exercer a cidadanía. Nesta actividade tamén está incluído o acceso a un chat a través de BigBlueButton, unha ferramenta de videochamadas segura e de Software Libre.

**NOTA este vídeo é o mesmo para os obradoiros de "Contrapublicidade" e "Representación" polo que, de facer ambos, só faría falta reproducilo unha vez.*

Actividade 1: Sexo e Xénero (15')

Para facer esta actividade imos precisar ter creado un mural con Padlet con anterioridade. Nel teremos subida unha silueta feminina. No noso ordenador, pero aínda sen compartir, teremos unha silueta masculina.

A actividade comeza con un *brainstorming* ou tormenta de ideas que imos plasmar no mural de Padlet. O primeiro paso consiste en acceder a ese mural e, vendo só a silueta feminina, apuntar que palabras lles suxire (adxectivos, profesións, cualidades...). Neste primeiro paso non facemos valoracións, trátase de que o alumnado suba todas as súas ideas. Deixamos 3 ou 4 minutos para que o fagan.

O segundo paso consiste en repetir o exercicio no mesmo mural pero con unha silueta masculina. Deixamos 3 ou 4 minutos para que o fagan.

Nun terceiro paso lemos en voz alta e imos eliminando as ideas repetidas e as que non correspondan mentres e o alumnado mira ao proxector, non ás súas pantallas. Neste último paso nos preguntamos: cales das palabras que están escritas nas columnas non se poderían mudar de sitio? É dicir, que características ou profesións son só femininas e cales masculinas? Para visualizar isto, arrastramos os post á columna de resultados, deixamos nas outras só os que correspondan con trazos biolóxicos.

Este último paso serve para falar das diferencias entre sexo, xénero e rol de xénero coa intención de destacar a idea de que moitos dos atributos que pensamos que son definitorios de homes e mulleres non son máis que construcións sociais, son aprendidos e, polo tanto, poden mudarse.



Actividade 2: Estereotipos de Xénero (10')

Esta actividade ten por obxectivo afondar en como os roles de xénero contribúen a crear estereotipos e reflexionar en como nos afectan estes no día a día.

Para iso, comezamos vendo en grupo o vídeo Like A Girl unha campaña de sensibilización que serve para enlazar coa actividade anterior. Este vídeo tamén o poden ver de forma individual cos auriculares.

Unha vez visto, guíamos un pequeno debate na aula para o que tamén nos pode servir de apoio a imaxe interactiva "estereotipos na nosa visa cotiá", este debate xirará en torno aos roles e estereotipos de xénero. Algunhas posibles preguntas para guiar este debate poden ser:

- É verdade que as nenas non son valentes?
- É verdade que só os nenos saben facer deporte?-
É verdade que os nenos non choran nunca?
- É verdade que hai profesións de mulleres e profesións de homes?
- Como credes que afecta isto ás nosas vidas?)

Por último, está a actividade de repaso na que terán que encher as definicións co termos a definir arrastrando as palabras ao lugar correcto.

Actividade 3: Técnicas Publicitarias (15')

Esta actividade realizase de forma individual. Para iso hai un vídeo interactivo no que se explican algunhas das estratexias publicitarias. Esta explicación acompáñase de preguntas que van saíndo a medida que avanza o vídeo. Unha vez rematado, pódese facer unha breve posta en común antes de continuar ao seguinte paso.

Actividade 4: Práctica

Actividade 4.1: Investigando a Publicidade con Perspectiva de Xénero (10')

O primeiro paso desta actividade de investigación consiste en que cada alumna/o busque nas súas revistas os anuncios de publicidade a arrinque as páxinas para telas todas xuntas e separadas das revistas. Unha vez feito este traballo, accede á enquisa feita coa ferramenta Mentimeter.

Nela atoparán un formulario con dúas preguntas:

Pregunta 1: Que idade aproximada teñen a maioría das mulleres dos anuncios da túa revista?

1. Nenas (0-12 anos)
2. Adolescentes (12-18 anos)
3. Mulleres novas (20-30 anos)
4. Mulleres adultas (30-50 anos)
5. Mulleres maiores (60 anos ou máis)

Pregunta 2: Cal é a función da maioría das mulleres nos teus anuncios?

1. Muller obxecto: a muller funciona como reclamo para chamar a atención.
2. Estereotipos sobre muller e beleza: venden produtos para estar guapas (cosmética, xoias, moda, complementos, etc...)
3. Estereotipos sobre o traballo: venden produtos para o fogar (limpeza, coidado de nenos, decoración...)
4. Parecen clientas normais: se a cambiamos por un home, o anuncio funciona igual.





Resultados no CEIP López Ferreiro, curso 2020

Unha vez responderon, proxectamos as súas respostas e facemos unha posta en común un das conclusións. Algunhas das ideas clave deste exercicio a falar nesta posta en común son:

- As mulleres que aparecen na publicidade responden a un estereotipo: un modelo que di que as mulleres non envellecen, deben estar guapas, deben vestir ben, non parecer cansadas, ir maquilladas e ben peiteadas, ser elegantes (normalmente, esta característica significa ser débiles, vulnerables, que precisan axuda), pouco intelixentes ou caprichosas (necesitan ter cousas caras para ser felices).
- Cando son protagonistas, anuncian roupa, complementos, produtos de cosmética ou beleza, produtos para a limpeza do fogar, produtos relacionados co coidado de bebés ou persoas enfermas...
- Cando non é a destinataria do anuncio, as mulleres na publicidade funcionan como obxectos, como produtos, que se usan para atraer a atención dos clientes.

Actividade 4.2: Crea a túa Contrapublicidade (40)'

Esta é a última práctica e a que máis tempo vai ocupar. Nela, o alumnado terá que facer contrapublicidade denunciando o sexismo ou promovendo unha representación igualitaria nos medios. A contrapublicidade é unha ferramenta de contradiscurso pola que alteras, de forma explícita, un contido publicitario coa idea de trasladar unha mensaxe oposta á do orixinal. É unha ferramenta creativa que ten moitas posibilidades, de aí que sexa a escollida para esta práctica.

Para explicarllo ao alumando, compartimos exemplos realizados por grupos de primaria no curso anterior.

Os pasos para facer estas contrapublicidades serían:

1. Entre toda a publicidade que teñen nas súas revista, que escollan un anuncio que lles chame a atención e no que haxa algunha muller.
2. Mirade o anuncio e imaxinade: que podería dicir esa muller para denunciar a desigualdade? Ou como se podería modificar o slogan para darlle un toque reivindicativo?
3. Xa o tedes? Agora collede rotus, tesoiras, pegamento e todo o que precisedes. Elabora o teu propio collage de contrapublicidade.

Esta actividade está pensada para facerse con papel e rotuladores, de forma analóxica, xa que consideramos que é un modelo máis acaido para as etapas de primaria. En todo caso, engadimos na actividade o enlace a unha carpeta con imaxes coa idea de que se alguén prefire facelo de forma dixital, poida facelo de maneira sinxela a través da páxina de Phrase.it

Non me gusta esta roupa, non podo correr
Este vestido emocionado


SUNLE
Soy puro prototipo
Parezco una muñeca

sms desagradables
No soy un objeto!!
Me siento usada
SOLO QUIEREN NUESTRO CUERPO


CLARINS
LAS MUJERES SOMOS
ENERGÉTICAS Y VAMOS

Que incómodo es
esto >:V

Forma de pensar
RESETEA TU
DESPIERTA CADA MAÑANA
CON LA RENOVADA
cabeza
Piensa en violeta
OCCITANE

ACTIVIDADE 2

MEDIOS E REPRESENTACIÓN

DURACIÓN: 100 MINUTOS

Nesta sesión abordaremos a educación pola igualdade de xénero a partir da identificación dos roles sexistas que as mulleres e os homes ocupan nos medios de comunicación. Cantos protagonistas son masculinos e cantos son femininos? E cales son os seus roles, quen son heroes ou heroínas e quen son vítimas? A partir da análise da representación de homes e mulleres na publicidade, na prensa, en series ou en programas de TV, debateremos sobre a construción do xénero nos medios. Na parte práctica, traballaremos coa linguaxe dos cómics como técnica para darlle a volta a estes roles, reescribindo diálogos para denunciar o sexismo na TV e na series de ficción, ao tempo que visibilizar como estes roles sexistas están presentes na nosa realidade diaria.

Obxectivos Específicos

- Formar e sensibilizar ao alumnado en contra do sexismo en todas as súas formas, recoñecendo as expresións que promoven a igualdade das persoas sexa cal sexa o seu sexo.
- Identificar as actitudes e as accións machistas presentes nas expresións culturais actuais, así como na nosa vida cotiá.
- Fomentar unha actitude crítica e activa cara ás manifestacións sexistas na publicidade, especialmente con aquelas expresións artísticas feitas dende un imaxinario social baseado na desigualdade entre mulleres e homes.
- Achegar ao alumnado á creatividade como estratexia para a comunicación en positivo para a denuncia e a reivindicación da igualdade de xénero.
- Motivar ao alumnado a desenvolver a súa expresividade mediante ferramentas e formatos innovadores.

Medios e Recursos Necesarios

Medios:

- Dispositivos con conexión a Internet (ordenador ou tablet)
- Ordenador con proxector e altofalantes

Recursos:

- Aula Virtual de "Cambiemos las Narrativas"
- Acceso con nome "anpas2020" e contrasinal "anpas2020"

Materiais (por alumna/o):

- Bolígrafo e/ou lapis de cores.
- Auriculares.

DINÁMICA DE TRABALLO

Introdución (10’)

Acompañamos ao alumnado a entrar na aula virtual e acceder ao curso “Cambiemos a Narrativa: MEDIOS E REPRESENTACIÓN”.

Na actividade de introdución temos un breve vídeo no que introducimos a actividade, aclarando que na sesión vaise falar sobre conceptos básicos, como son o sexo, o xénero, os roles ou os estereotipos de xénero, así como do seu papel na nosa vida cotiá, nas nosas relacións con outras persoas e na nosa forma de exercer a cidadanía. Nesta actividade tamén está incluído o acceso a un chat a través de BigBlueButton, unha ferramenta de videochamadas segura e de Software Libre.

**NOTA este vídeo é o mesmo para os obradoiros de “Contrapublicidade” e “Respresentación” polo que, de facer ambos, só faría falta reproducilo unha vez.*

Actividade 1: A Fotografía (30’)

Esta primeira actividade consiste en analizar as actitudes ou emocións que transmiten as fotografías de moda masculina e feminina. Os pasos para realizar a actividade serían:

Cada alumna/o colle boli a papel e fai dúas columnas, unha para homes e outra para mulleres.

Observan a galería de fotos de moda para mulleres e anotan na columna correspondente en papel: que emocións poden definir as persoas que ven, como pensan que se senten? Non é preciso que detallen adxectivos para cada foto, a idea é que se deteñan a observar. Damos 3-5 minutos para facelo. Nun segundo paso deben facer o mesmo pero, neste caso, con roupa de moda masculina.

Unha vez rematado, pedímoslles que abran a ligazón do Mentimeter e escriban o que teñen anotado no papel. Primeiro columna de mulleres e despois a de homes. Deixamos uns minutos para que escriban e envíen.

Cando teñamos as respostas, proxectamos a nube de palabras resultante e comentamos as respostas. Destacamos nesta posta en común que, pese a que non todos os anuncios son así, si que en moitos casos atopamos en publicidade que as mulleres parecen asustadas, débiles ou en posturas incómodas mentres que os homes adoitan saír confiados e seguros de si mesmos. Isto serve para reflexionar sobre como esta representación pode influír en nós e sobre como as imaxes constrúen tamén un imaxinario desigual para homes e mulleres. Se queremos, podemos proxectar para rematar o vídeo “Niños vs Moda” do que foi extraída a idea para esta actividade.

ACTIVIDADE 2: Prensa e TV (30')

2.1 Xornalistas por un día: a linguaxe dos medios.

Esta actividade consiste na análise da representación de xénero en prensa e TV. Para iso, hai un formulario onde deben ir anotando as respostas. Nun primeiro momento deben imaxinar titulares para unha serie de fotografías de prensa deportiva. Nun segundo momento deben imaxinar preguntas coma se foran a entrevistar a unha cantante a a unhas actrices.

2.2 Xornalista por un día solucións.

En grupo, lemos as respostas ao formulario para despois ver o vídeo desta actividade. Nel, recompilamos as preguntas ou comentarios que se lles fixeron a actriz e a cantante nun programa de TV. Isto sérvenos para falar de como os estereotipos e o machismo tamén está presente nos medios, xa que está moi arraigado na nosa sociedade. Na mesma presentación, temos os titulares reais que acompañaron as fotografías deportivas. Estes sérvennos para incidir nas mesmas ideas.

Ao final, temos unha enquisa na que deben anotar que lles dirían aos xornalistas que fixeron estas noticias.

ACTIVIDADE 3: Práctica (30')

Empezamos a práctica vendo un vídeo interactivo con unha escena dunha serie de TV. A escena amosa unha relación tóxica e posesiva camuflada como romántica e fermosa. Sérvenos para pechar falando do mito do amor romántico no que a muller, débil e dependente, precisa de un home forte e seguro ao seu lado que a protexa a cambio de ter o control.

Unha vez feita esta posta en común, pasamos á parte práctica onde cada alumna/o terá que escoller entre as imaxes colgadas nunha carpeta unha escena dunha serie. Unha vez descargada, debe subila a Phrase.it e escribir un diálogo alternativo que sirva para reivindicar a igualdade, para denunciar os estereotipos ou para loitar contra as relacións tóxicas.

Que tal a túa relación con Piqué?
Creo que estou aquí para falar da miña carreira profesional, non?
Pero este en que estará pensando?
Bueno...Sigamos coa entrevista
Hahahaha
Prometeme que sempre serás miña...
Iso e o que queres?
Sí!
Pois entón olvídame!

ACTIVIDADE 3

CUÑAS CONTRA O MACHISMO

DURACIÓN: 100 MINUTOS

O obradoiro de radio “cuñas contra o machismo” céntrase en dar a coñecer os pasos a seguir para a elaboración de forma participativa de cuñas (spots radiais) contra o machismo. Nesta ocasión as pezas creadas polo alumnados foron emitidas na Cadena Ser Galicia durante a semana do 25 de novembro do 2020.

O Obradoiro busca que o alumnado sexa consciente de como os estereotipos de xénero afectan ás nosas vidas e reflexionen sobre a corresponabilidade que temos na redución da desigualdade de xénero a través da produción de mensaxes radiofónicos contradiscurso para que, en definitiva, o alumnado se converta nun consumidor mais critico ante os medios de comunicación.

Obxectivos Específicos

- Formar e sensibilizar ao alumnado en contra do sexismo en todas as súas formas, recoñecendo as expresións que promoven a igualdade das persoas sexa cal sexa o seu sexo.
- Identificar as actitudes e as accións machistas presentes nas expresións culturais actuais, así como na nosa vida cotiá.
- Fomentar a conciencia crítica ante os medios de comunicación.
- Achegar ao alumnado á creatividade como estratexia para a comunicación en positivo para a denuncia e a reivindicación da igualdade de xénero.
- Motivar ao alumnado a desenvolver a súa expresividade mediante ferramentas e formatos innovadores.
- Coñecer o mundo radiofónico, as súas linguaxes específicas e os seus formatos.

Medios e Materiais Necesarios

Medios:

- Dispositivos con conexión a Internet (ordenador ou tablet)
- Ordenador con proxector e altofalantes.
- Un programa de gravación/ edición de audio instalado (recomendado Audacity).

Materiais (por alumna/o):

- Lapis e papel
- Auriculares

DINÁMICA DE TRABALLO

Actividade 1: Introdución (15')

Presentamos o principal obxectivo da actividade: a realización de anuncios radiofónicos contra o machismo que se van emitir a semana do 25 de novembro, "Dia Internacional da Erradicación da Violencia contra as Mulleres". Preguntamos ao alumnado se coñecen que se conmemora ese día.

Aproveitamos a ocasión para falarlles do iceberg da violencia de xénero que nos amosa os distintos tipos de violencias que vivimos as mulleres: as visibles (que probablemente sexan as que identifican mais facilmente) como ameazar, insultar, gritar, abuso sexual, violación, pegar, asasinato... E tamén as invisibles, como humillar, desprezar, desvalorizar, invisibilizar, usar unha linguaxe sexista, humor sexista, publicidade sexista, estereotipos machistas... xustamente neste tipo de violencias, menos visibles é onde nos imos situar.

Preguntámoslles que poderían facer eles/elas eu para loitar contra a violencia cara as mulleres e o machismo.

Falámoslles de que existen moitas cousas que podemos facer no noso día a día para conseguir unha sociedade máis igualitaria, pero hoxe imos a loitar contra o machismo con cuñas radiofónicas!

É o momento de explicar que é unha cuña:

Que é unha cuña?

Unha cuña é unha mensaxe breve e repetida na radio que pretende vender un produto, un servizo ou promover determinadas condutas, valores ou ideas. O nome de cuña tal vez proveña do mundo da carpintería, eses tacos que serven para axustar as madeiras. Entre programa e programa encáixase a quenda de avisos comerciais.

Con C de Cuña:

- Creativas: as cuñas deberían ser moi creativas. Hai que darlle voltas!!! Tomarse un tempo pensando. As cuñas poden ser graciosas, emocionais, informativas...
- Curtas: as cuñas son curtas (entre 30s e 60s). Hai que resumir! Pero debe ser comprensible para todos os públicos.
- Concreta: non podemos falar de grandes xeneralidades. Presentar un problema-ofrecer unha solución.
- Completa: podemos e debemos utilizar os principais ingredientes da radio: a voz, a música, e os efectos de son.

Actividade 2: A Quen lle Pasou isto Algunha Vez? (15')

Leremos unha serie de frases que conteñen distintos acontecementos da vida diaria dos nenos e nenas. Pedirémoslles que se algunha vez lles aconteceu o que estamos lendo, se levanten da cadeira, e se fixen en quen está de pé con eles/elas. Diremos en alto o número de nenas e nenos que se levantaron:

- Non me deixaron xogar ao fútbol.
- Non me regalaron bonecas.
- Non me compraron roupa de cor rosa.
- Non me deixan quitar a camiseta se teño calor
- Non me deixan poñer pendentes.
- Ríronse de min por ser diferente.
- Non puiden xogar no centro do patio porque hai mozos xogando ao fútbol.
- Metéronse comigo porque levo o pelo curto.
- Metéronse comigo porque levo o pelo longo.
- Rinse de min porque non corro moi rápido.
- Rinse de min cando choro.
- Rinse de min porque me gusta bailar.
- Tiven que recoller a mesa mentres outras persoas da familia non o fan.
- Tocáronme o cu.
- Criticáronme pola miña forma de vestir.
- Cómpranme roupa para que estea guapa/o.
- Cómpranme roupa para que estea cómodo/a.
- Disfraceime de princesa
- Disfraceime de superheroe

Que pasou aquí? Como nos afectan os estereotipos na nosa vida? Por que as mozas non poden xogar ao fútbol? Os mozos que xogan cunha boneca nas súas casas, son menos mozos que aqueles que xogan ao fútbol? Teñen que ser todas as mozas iguais? E os mozos... Tamén deben ser todos iguais?

Incidiremos en que non a todos os nenos lles gusta xogar ao fútbol; hai nenos aos que lles gusta cociñar, bailar, pintar, e nenas as que lles encanta xogar ao fútbol. Non todas as nenas queren ser princesas, algunhas queren xogar con bonecas e outras prefiren xogar con ferramentas e coches.

Isto son os estereotipos de xénero: como a sociedade, que é machista, pensa que debe ser unha moza e un mozo. E dicir, como debe vestir, como debe levar o pelo, o que lle gusta e o que non lle gusta, incluso o que debería querer ser de maior!

O problema é que se non nos adaptamos a estes estereotipos, moitas veces, a sociedade (as familias, os amigos e amigas, as redes sociais...) fannos sentir mal.

Poderiades identificar mais estereotipos que nos afecten?

É importante que traballemos xuntos e xuntas para que ningunha moza nin ningún mozo sufra por non ser como a sociedade pensa que debería ser.

Actividade 3: De Quen é Isto? (15')

Para a realización da seguinte actividade, presentámoslle ao alumnado a imaxe que acompaña esta páxina onde aparecen obxectos que pertencen a distintas profesións.

Pedísemoslles que formen grupos e que cada un dos grupos seleccione unha destas imaxes. Deben responder a tres preguntas.

1. Como se chama a persoa propietaria deses obxectos?
2. Cal é o seu traballo?
3. Escribe tres adxectivos que definan a esta persoa.

Dámoslles 5 minutos para que preparen as súas respostas. Un/ha portavoz/a de cada grupo exporá en alto as súas ideas.

Seguidamete para resolver o acertixo, poñemos o vídeo: "romper estereotipos de xénero no colexio". Neste experimento audiovisual realizado pola Fundación Inspiring girls ponse de manifesto como nenos e nenas de entre 5 e 7 anos xa teñen interiorizados os estereotipos de xénero. Comparamos as súas respostas coas dos nenos e nenas do vídeo.

Actividade 4: Escribindo a Nosa Cuña (15')

Unha vez que comprendemos que os estereotipos afectan a nosa vida ata tal punto de que moitas veces non nos imaxinamos a mulleres paracaidistas, bombeiras, soldados... faremos a nosa cuña para rachar con eles. Imos dicirlle ao mundo que os estereotipos non nos gustan!

Como imos a construír entre todos e todas a nosa cuña?

Expoñémoslles ao alumnado a seguinte imaxe onde hai distintas afirmacións que claramente rachan cos estereotipos de xénero.

Pedímoslles que se inspiren nestes exemplos para escribir 3 oracións que empecen da seguinte forma. Damos 10 minutos para que poidan escribir os seus textos.

Eu son unha nena e...	Eu son un neno e...
As nenas somos...	Os nenos somos...
As nenas podemos...	Os nenos podemos...

Actividade 5: Aprendendo a Locutar (40')

Os locutores e locutoras radiofónicos traballan coa voz, por iso antes de locutar as nosas pezas temos que facer varios exercicios de quentamento vocal:

- Respiración: locutoras/es de radio, cantantes e mesmo bebés respiran co abdome. Practicámolo.
- Helicóptero: facemos vibrar os labios como se fosen un motor.
- Vocalización: pronunciamos A E I O U abrindo a boca o máis que poidamos.
- Trabalinguas: todos e todas xuntas en alto recitamos o coñecido trabalinguas: "tres tristes tigres comen trigo nun trigal, cantos tristes tigres comen trigo nun trigal? tres tristes tigres comen trigo nun trigal", ou outro calquera!

Moi ben, a nosa voz está lista para ser usada para a locución radiofónica.Todo o alumnado (un a un) len en alto e con boa dicción e entoación a as súas oracións. Cando rematamos entre todos e todas facemos a unha soa voz o slogan da nosa cuña. Os vosos estereotipos... non nos gustan!!

Unha vez rematado o obradoiro co alumnado o/a docente debe continuar o proceso para crear unha cuña emitible. E dicir que sexa corta e que teña un son dunha calidade aceptable.

Posiblemente moitas das frases que propuxeron os nenos e nenas se repetirán ou dirán mais ou menos o mesmo. Por iso, utilizaremos as frases mais repetidas e as mais creativas para construír o guión radiofónico para a nosa cuña, que non debe superar os 40 segundos.

Debemos recordar dividir o guión en frases ou oracións, para que cada neno ou nena poida ler polo menos unha frase (aínda que non coincida coa que el ou ela escribiu).

Despois utilizamos os medios que teñamos no colexio (ordenador con Audacity, micros, estudo de radio, móbiles...) para gravar as nosas cuñas. Recordaremos tamén gravar o eslogan escollido.

Como se locuta na radio?

- Nada de comer, beber, mascar chicle...mentres falamos
- Sentarse de modo adecuado: erguidos/as, dirixidas/os o micro ou ao ordenador (achegarse ben)
- Superar os nervios: Perder o medo ao ridículo e a vergoña: que pasa se nos equivocamos? Absolutamente nada.
- Confiar nun/ha mesmo/a
- Levar o traballo feito: non improvisar. Ler o que temos escrito varias veces previamente.
- E pasalo ben!

Cando está todo gravado, cun programa de edición eliminamos os erros, os silencios longos, incorporamos unha música de fondo e listo. Xa está rematada a nosa cuña contra o machismo!

Cuña Contra o Machismo do CEIP A Rúa 5ª
Cuña Contra o Machismo do CEIP A Rúa 6º

Cuña Contra o Machismo do CEIP López Ferreiro 6ºA
Cuña Contra o Machismo do CEIP López Ferreiro 6ºB

AGARESO

Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social

Cambiemos a Narrativa" é un proxecto educativo da Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e das ANPAS dos CEIP López Ferreiro, CEIP Víctor Luís Seoane e o CEIP A Rúa co apoio daSecretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia a través dos fondos do Pacto de Estado do Ministerio de Presidencia.

Novembro, 2020.